

RECOMENDACIÓNS PARA LEVAR A CABO DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA EN ED. INFANTIL

O pasado 12 de marzo de 2020, publicáronse una serie de medidas a adoptar en tódolos centros educativos relacionadas coa pandemia **Covid-19**. Unha delas, é que o profesorado programará nas páxinas web dos centros, ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado, actividades xenéricas relacionadas con contidos curriculares para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio, pero non terán carácter avaliable.

Polo tanto, no marco destas medidas e atendendo ao carácter xenérico das actividades que debemos propoñer, a continuación recolleemos una compilación de propóstas lúdicas.

Lembrade, non se trata de que saturedes aos nenos/as facendo tarefas, senón de escoller as que máis lles poidan gustar. Moitas grazas pola vosa colaboración e esperamos voltar ás aulas o antes posible!

Un saúdo,

Equipo de ED. INFANTIL

ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER A VIDA PRÁCTICA:

Trátase de todas aquelas actividades que poden facer as nenas e nenos de xeito autónomo con elementos cotiás do fogar de cara a fomentar e promover a súa independencia.



- Vestirse e desvestirse de xeito autónomo (abotoar botóns, pechar velcros e cremalleiras, ...)
- Barrer, aspirar ou pasar o pano dunha determinada estancia (salón, o seu cuarto, ...)
- Quitarlle a tona ás froitas que van consumir como plátanos ou mandarinas.
- Poñer a mesa e recoller o seu posto unha vez remata de almorzar, comer, merendar ou cear.
- Regar as plantas de interior e limparlle o po ás follas cun pano.
- Facer transvases de auga dende unha xerra a vasiños.



- Colgar con pinzas pequenas prendas de roupa no tendal e facer parellas de calcetíns cando se recolle a colada.
- Facer colares con macarróns
- Colaborar na elaboración de receitas sinxelas: zume de laranxa, biscoitos, pan, macedonia de froitas, ...
- Mesturar legumes coma fabas, garavanzos ou lentellas e logo separalas en diferentes recipientes: cos dedos, cunha culler, cunha pinza, ... elevando o nivel de dificultade.



ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER A LINGUAXE ORAL:



- **Realizar lecturas en familia:** é moi importante que lles leades contos e que eles sexan tamén quenens noos “lean” a nós. Tamén podedes inventar historias, que expliquen o que sucedeu no conto, cambiarlle o final, leer contos repetitivos e con onomatopeias, etc.


Algún exemplos de contos con textos repetitivos ou con onomatopeias que podedes utilizar son:

- Os tres porquiños
- Garavanciño
- A ratiña presumida
- A cebra Camila
- A que sabe a lúa
- Al galope
- Cuanto ruído
- El libro de los ruidos



Moitos destes contos podédelos atopar no **YouTube**

- **Aprender chiste e contalos**
- **Xogar as adiviñas, rimas, ditos, trabalinguas...**



- **Rimas con movemento da canle de Tamara Chubarovsky:**
<https://www.youtube.com/watch?v=bpKHkr8VnTM&list=PLWrIJESsP9-r1QQf6LC9jJCPqJA-8Dqua&index=2>
- <https://www.youtube.com/watch?v=BXif78C6XyQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=w2utfKlpPyE>

- **Cantar cancións**



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A INICIACIÓN A LECTO-ESCRITURA



- Pasar lista das persoas que están na casa.
- Realizar listados con tarefas, indicando cal é a que lle corresponde a cada un.
- Poñer un calendario, para identificar o día da semana no que nos encontramos e tachar o día anterior.
- Escribir a data na que nos encontramos e poñer un resumo do que fixemos ó longo da mañá, tarde, ...
- Actividades que faciliten a organización da casa: lista da compra, tarefas pendentas, ...
- Actividades co nome: contar o número de letras de diferentes nomes ou palabras, o comezo e final, comparativa entre varios nomes, escribir unha lista dos compañeiros/as de clase, ...
- Búsqueda de letras en pasatempos como por exemplo identificar letras e clasificalas por cores, en contos, revistas, ...
- Realizar tiras cómicas con imaxes de revistar ou periódicos, ou tamén debuxos.
- Escribir notas, ou correo electrónicos aos compañeiros/as de clase ou familiares.
- Xogar a dicir palabras que empezan por unha determinada palabra.



- Facer anuncios.
- Realizar entrevistas aos familiares.
- Facer rimas graciosas.
- Escribir unha historia ou un conto e acompañala con debuxos.



ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A INICIACIÓN A LÓXICA-MATEMÁTICA



- Contar obxectos habituais, elementos naturais (pedras, follas..) ou outros (xoguetes...)
- Contar cara adiante (ata onde poidamos) e cara atrás.
- Búsqueda e recoñecemento de números e formas xeométricas en elementos da contorna e reproducilos.
- Identificar cores.
- Comparar e clasificar obxectos por tamaños, cor, forma textura, sabor...
- Marcar números de teléfono para chamar aos familiares ou amigos.
- Actividades co calendario, tal e como facemos na escola: ver en que día nos atopamos, contar canto falta para una data especial...
- Xogos de mesa (parchís, oca, bingo...)
- Xogos de construción, quebracabezas, tangram...
- Facer origami (un avión ou barco de papel, por exemplo)
- Realizar operación sinxelas de maneira manipulativa en actividades habituais (poñendo a mesa, repartindo galletas..)



- Encher e baleirar botes e botellas de diferentes tamaños, con diferentes materiais e utensilios.
- Facer experimentos como por exemplo os propostos por THEDADLAB (Facebook) entre outros moitos recursos que podedes atopar na rede.



ACTIVIDADES PLÁSTICAS:



- Pintar e debuxar con: ceras, rotuladores , pinceis, esponxas, dedas.
- Recortar todo tipo de materiais : papeis, tea, la.... e facer composicións cos cachos.
- Pintar e decorar obxectos: macarróns, botellas.
- Facer pompas de xabón.
- Maquillarse.
- Facer manualidades sinxelas. Podedes atopar ideas en:



www.conmishijos.com › [ocio-en-casa](#) › [manualidades-para-ninos](#)

www.pequeocio.com › [manualidades-faciles-para-ninos.](#)

[www.decopeques.com/manualidades-infantiles.](http://www.decopeques.com/manualidades-infantiles)

[www.saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/manualidades-para-ninos.](http://www.saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/manualidades-para-ninos)

OUTRAS ACTIVIDADES:

Para relaxarnos uns exemplo da canle YOGIC, nela poderedes atopar máis vídeos.

- La locomotora valiente: <https://www.youtube.com/watch?v=OAmzdnGnCaE>
- La canción del león: <https://www.youtube.com/watch?v=Q0AdEHmXlqk>
- El cuento de las mariposas: <https://www.youtube.com/watch?v=MI1S5rM0ou0&t=139s>



APLICACIÓNS E PÁXINAS WEB:

- **Aplicacións para Tablet ou móbil:**



PINKFONG. Trazos para escribir



SUPER PUZZLE



SUMAS E RESTAS (various niveis)

- **Enlaces:**

Contos para ver e ler:

<http://paracantarecontar.blogspot.com>

Actividades lúdico-educativas:

http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/recursos_educamigos/verano06_old/recursos/menú.html

Actividades de iniciación á lecto-escritura:

<https://conteni2.educarex.es>

FIODOR (xogo)

<http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2008/fiodor/actividades/archivos/index.html>

Actividades e xogos variados:

<http://recursostic.educacion.es/infantil/fantasmin/web/>

<http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2009/pequetic/index.html>